



## **R colabora con AEMOS para facilitar a formación e inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero**

- **R achega tarxetas e plans de datos de 20 gigas gratuítos para facilitar a formación e orientación laboral que a Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS) desenvolve con 31 mulleres vítimas de violencia de xénero na bisbarra de Vigo.**

**Xoves, 14 de maio de 2020.-** A Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS) e máis **R** consolidan a súa alianza colaborativa, mantida dende hai anos, con esta iniciativa que busca axudar a mulleres vítimas de violencia de xénero na súa formación, orientación e inserción laboral.

O operador galego **R** achega tarxetas e plans de datos de 20 gigas gratuítos para lles facilitar a estas persoas a súa participación no programa de inserción laboral INSERE ACTIVA 4, que financia a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e desenvolve AEMOS con 31 mulleres na bisbarra de Vigo. Grazas a esta acción ofréceselles formación, seguimento, titorización e orientación laboral co fin último de multiplicar as súas oportunidades de inserción no mercado laboral.

### **Tecnoloxía por e para as persoas**

Unha vez máis, **R** colabora con AEMOS con actividades de valor engadido e pon a súa tecnoloxía ao servizo da sociedade e, especialmente, daqueles/as que máis o necesitan.

Con esta iniciativa, ademais, o laboral como valor social adquire protagonismo, pois a sociedade contemporánea non se entende sen a variable do traballo. E máis aínda, nunha conxuntura extraordinaria como a que estamos a vivir nesta crise sanitaria, onde o emprego pasa por momentos de grande incerteza, con gran cantidade de traballadores en situación de ERTE ou desemprego. A situación é aínda máis grave no caso de colectivos desfavorecidos, ou con maiores barreiras no acceso ao mercado laboral, como ocorre con estas mulleres vítimas da violencia de xénero.

## **O momento da formación**

É, por tanto, o momento de formarse, e de aproveitar o tempo do confinamento para mellorar destrezas e/ou adquirir novas habilidades que faciliten a inserción laboral a curto e/ou medio prazo das persoas. E na actualidade, a formación camiña necesariamente da man das novas tecnoloxías, o que nos sitúa ante un reto descoñecido, inédito nas nosas vidas. Pero os avances tecnolóxicos e os servizos de telecomunicacións traen consigo tamén, en casos como este, a evidencia da fenda dixital, a diferente dotación de recursos e opcións en función dos fogares. Non podemos permitir que ninguén quede atrás neste camiño, e moito menos nun período tan extraordinario como este onde as telecomunicacións convertéronse por activa e por pasiva nun recurso esencial.

Aí está a clave desta iniciativa que, ao final, busca facilitar a todas esas mulleres o acceso á formación en igualdade de condicións ás doutras persoas e ofrecerlles máis posibilidades para atopar un traballo.

**A Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS)** pretende impulsar o desenvolvemento económico, financeiro e social das comarcas da Louriña e Vigo, ás que pertence este municipio pontevedrés, favorecendo contornas de mellora competitiva e xerando oportunidades de negocio entre os seus socios/as. O seu obxectivo primordial é achegarlle o mundo da empresa á comunidade e fomentar o desenvolvemento do tecido empresarial na zona. Con este fin colabora con institucións públicas e privadas e mantén un contacto directo coa comunidade empresarial para coñecer as necesidades e inquietudes do seu tecido produtivo.

Recentemente **R** e AEMOS renovaron o seu convenio de colaboración para pemes e autónomos e crearon un espazo colaborativo na sede da asociación para seguir apoiando aos/ás emprendedores/as e favorecer esa contorna competitiva polo que velan ambas as dúas entidades, coa idea de potenciar o desenvolvemento da comarca e da sociedade galega en xeral.

**R Comunicación**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)